

Obradoiro: FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS PARA A ECONOMÍA SOCIAL

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	Do 7 ao 28 de abril de 2021	DURACIÓN	40 horas
HORARIO	Celebraranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe os días 7 e 28 de abril de 11:00 a 12:30 na aula virtual da plataforma. O horario de atención da persoa titora será, de 10:30 a 13:00hs, de luns a venres.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Coñecer que son as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Decatarse da importancia das tecnoloxías da información e a comunicación, en especial na economía social.
- Explorar as posibilidades de mellora que as tecnoloxías da información e a comunicación aportan a nosa empresa de economía social.
- Desenvolverse adecuadamente coas TIC's dentro do ámbito das empresas de economía social.
- Coñecer as diferentes tecnoloxías da información e comunicación, e as súas vantaxes e inconvenientes.
- Mellorar as destrezas de comunicación a través das novas tecnoloxías da comunicación.

PROGRAMA E CONTIDOS

- Tema 1.- Comunicación empresarial: páxina web, blogs e redes sociais
- Tema 2.- Ferramentas de comunicación empresarial: Slack, correo electrónico, WhatsApp, Trello etc.
- Tema 3.- Ferramentas de tratamento da información nas empresas:
- O software libre nas TIC
 - Almacenamento e compartición de información a través da nube (Internet): Drive, Mega, Dropbox etc.
 - Software de oficina. Procesador de textos e follas de calculo. Oficina en liña.
- Tema 4.- Presente e futuro das TIC:
- E-administración e e-goberno
 - A innovación nas TIC
 - Novos nichos de mercado ligados ás TIC

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amáis de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso.

Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non podían participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

Persoas que traballan ou colaboran con entidades de economía social e solidaria, tanto do sector de mercado (cooperativas, sociedades laborais, confrarías, Centros Especiais de Emprego, Empresas de inserción) como de non mercado (Asociacións, Fundacións, etc.). Público en xeral. Composición do grupo: mínimo 15 persoas e máximo 30.